

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**13041** *Real decreto 1461/2012, do 19 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón.*

O Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, establece na súa disposición adicional única, co fin de dar estabilidade ao sector de ripaxe e tendo en conta un equilibrio entre a capacidade de ripaxe e as previsións de colleita previstas no Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, unha limitación á participación no dito plan a aquelas plantas de ripaxe afectadas pola reestruturación que riparon durante polo menos tres das catro campañas comprendidas entre 2006/07 e 2009/10. Non obstante, nas últimas campañas produciuse no noso país unha expansión do cultivo do algodón e un aumento dos rendementos motivados polo incremento dos prezos no mercado mundial.

Os feitos mencionados modificaron considerablemente as cantidades que transforma a industria e aumentaron en exceso os períodos de recepción do algodón, o que pode prexudicar a calidade de algodón e, en consecuencia, o prezo percibido polos agricultores.

Ante estas circunstancias procede incrementar a oferta da capacidade de ripaxe, flexibilizando os requisitos para que as ripadoras poidan participar no réxime de axudas ao algodón, exixíndolles ás ripadoras afectadas pola reestruturación ter traballado nunha das catro campañas do período de referencia.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón.*

A disposición adicional única do Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, substitúese pola seguinte:

«Disposición adicional única. *Participación das ripadoras no réxime de axudas ao algodón.*

Para preservar o equilibrio entre as fases de produción e transformación de algodón alcanzado co proceso de reestruturación, e establecer as condicións que posibiliten a viabilidade das industrias que permanezan activas tras este, é necesario regular a participación das plantas de ripaxe no réxime de axudas ao algodón en virtude do artigo 68 1a) ii) do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns

aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, durante o período de vixencia do Programa nacional de reestruturación, quedando limitada a participación a aquelas plantas de ripaxe afectadas pola reestruturación que riparon polo menos durante unha das catro campañas comprendidas entre 2006/07 e 2009/10.».

Disposición transitoria única. *Solicitud e efectos.*

As empresas ripadoras que teñan dereito a participar no réxime de axudas en virtude da redacción da disposición adicional única do Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, que se realiza con este real decreto, poderán solicitalo no prazo que prevegan para o efecto as comunidades autónomas correspondentes, que será, como máximo, dun mes contado desde o día da entrada en vigor deste real decreto.

A participación no citado réxime de axudas, no dito suposto, referirase ás campañas 2012/13 e sucesivas, dentro do período de duración establecido polo citado programa nacional de reestruturación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 19 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE